

FUNDACIÓN LAXEIRO

ACTIVIDADES 2008

ENTIDADES PROTECTORAS

Concello de Vigo
Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia
Deputación de Pontevedra
Caixanova
Caixa Galicia
Fundación Feima

ENTIDADES PATROCINADORAS

Concello de Lalín
Bitango, promociones inmobiliarias
Industrias Proa
Keramet

ENTIDADES COLABORADORAS

Museo de Pontevedra
Museo do Pobo Galego
Auditorio de Galicia
Fundación Pedro Barrié de la Maza

AMIGOS

PLATINO. COMERCIAL GOBERNA, VIAJES BARCELÓ c/ Regueiro, RESTAURANTE CORAL / RESTAURANTE PABLO GALLEGO, AUTESA, TAPICERÍA VIGUESA, ARTE EN BRONCE, INGASUR, ECOVIGO PUBLICIDAD, IDEAS DIGITALES, CARPINTERÍA DE MOREIRA, NH PALACIO DE VIGO, VIDROGAL, IMAR ARMARIOS, TECCARSA, SERVICASA DE GALICIA, ACCIONA FORWARDING, VITAL VIGO, CONSTRUCCIONES VIPOMAR, JOYERÍA SUIZA / SUI JOYEROS, PINTURAS PROA, AS FOGATAS, EMBEMA SDAD. DE OBRAS, SASTERÍA J. PÁJARO, FERRAMULIN EDICIONES, MONTENEGRO GALERÍA DE ARTE, STYLMARK, FRIGORIFICOS FLORINDO E HIJOS, EL SECRETO DEL MAR - EL NIÑO, VALERY KARPIN, S.L., CENTRO DE ARTE JAIME TRIGO / ISADORA ART DECO, RESTAURANTE CHEF RIVERA, TAKTIKA COMUNICACIÓN, PAZO DE BENDOIRO, AGROVIGO, PUBLIGAL, LACOSTE VIGO, NOVO LAR, SIEMPRESOL, ESTRONOR, ALDOVAL, RESTAURANTE ASADOR LOS ABETOS, EL CANARIO CATERING, BOXER, BITANGO OCIO, .SL., ROYDESA, RESTAURANTE LOLIÑA. CARRIL, INDEPORT, PLEXUS, EL GALEÓN DE MANILA. ARTE GALEGA, REVSA

OURO. Carlos A. González Príncipe, Eugenio Moisés García Bernardez, Damián Salvador Payo Cangado, Rafael Calvo, José Manuel González Garrido, Luis Sirvent, Marisol Gómez Muñoz, M^a José Vázquez Calo, Ricardo Martínez Longueira, Javier Pérez Lorenzo, Alberto Juffe Stein, Angel Manuel Mariño de Andrés, Julio Alonso Pérez, Elvira Alvarez Vega, Antonio Sieira Míguez, Miguel Pedreira Varela, Alberto Luis Barciela Castro, José María Barreiro, Carlos Rodríguez Prieto, Heriberto García-Suárez y Otero, M^a Victoria Varela Paz, Pablo Pena Sánchez, José Manuel López Rama

P R E S E N T A C I Ó N

Con motivo do centenario de Laxeiro, a Fundación que leva o seu nome programará unha serie de actividades que virarán ao redor da figura e a obra do xenial artista. Actividades que cobren diferentes aspectos como son a investigación, a divulgación e a programación. Unha ocasión para renovar a súa imaxe corporativa e a súa páxina web, dotándoa dun maior dinamismo que a converterá nunha ferramenta de traballo indispensable para a investigación sobre Laxeiro e a arte contemporánea en Galicia.

Mantendo o espírito que motivou ao Concello de Vigo e á familia de Laxeiro a crear unha Fundación que servise de motor para reivindicar, difundir e protexer o legado de Laxeiro, é importante resaltar a colaboración que a Fundación Laxeiro vén desenvolvendo con entidades e institucións que farán posible que este centenario conte cunha programación rica que profundará en diversos aspectos da figura e a obra do insigne artista de Lalín apoiando, cos medios de que dispón, calquera iniciativa pública e privada que vaian nesa dirección. Como exemplo cabe destacar a decisión do Padroado de, a solicitude do Alcalde de Lalín con motivo do centenario do nacemento de Laxeiro, celebrar a reunión ordinaria do Padroado da Fundación Laxeiro en Lalín o próximo día 23 de febreiro e sumarse aos actos que o Concello de Lalín a organizado para honrrar a figura de Laxeiro.

Entre as colaboracións con entidades e institucións hai que destacar, por unha banda, o papel das entidades patrocinadoras que posibilitan un financiamento estable das nosas actividades e por outro, os acordos puntuais alcanzados con institucións museísticas e culturais que posibilitan a colaboración en coproducións e producións alleas de primeiro nivel.

Como dicíamos anteriormente, as actividades estrutúranse en tres capítulos principais que cubrirán as diferentes demandas e públicos, así como diferentes niveis de achegamento a Laxeiro:

- Investigación
- Divulgación
- Programación

INVESTIGACIÓN

CATÁLOGO UNIVERSAL. A principal actuación a levar a cabo será a realización e publicación, prevista para o último trimestre do ano, do Catálogo universal de Laxeiro, proxecto no que levamos traballando desde o ano 2000. Unha publicación que recollerá de forma exhaustiva e detallada, toda a produción artística de Laxeiro. Estruturada en tres tomos, un dedicado á obra pictórica, outro á obra sobre papel, obra gráfica e deseño e un terceiro tomo en formato dixital (DVD) que funcionará como unha base de datos de toda a produción do artista de Lalín. O proxecto está dirixido polo prestixioso historiador da arte **Antonio Bonet** Correa (Catedrático de Historia da Arte nas universidades de Santiago de Compostela, Murcia, Sevilla e Complutense de Madrid. Académico da Real de Belas Artes de San Fernando e director do seu museo. Foi director do Museo de Belas Artes de Sevilla (1965-67); presidente da Asociación Española de Críticos de Arte e membro do Comité Internacional; representante da Unesco na Comisión do Patrimonio Artístico de Santiago de Compostela e do Camiño de Santiago; xurado do Premio Príncipe de Asturias das Artes; presidente de Arco. Ten máis dun centenar de publicacións).

EPISTORLARIO. que recollerá o máis destacable da súa correspondencia a ambos os dous lados do Atlántico.

ESCRITOS. Un breve volume que recollerá algúns dos seus escritos. Faceta esta non moi coñecida, na que hai pequenas composicións teatrais, relatos breves e conferencias, así como descrições de artistas da súa época.

DEBUXOS INÉDITOS VI. ANATOMÍAS. Dentro da documentación de exposicións, editaremos o VI volume da serie Debuxos inéditos, nesta sexta entrega, dedicado ao corpo humano.

LAXEIRO DESCOÑECIDO NAS COLECCIÓNS PRIVADAS. Tamén se editarán dous volumes que recollerán obra inédita do artista, o tomo I, correspondente á súa primeira época e o tomo II, correspondente á segunda época, na que comeza a traballar dentro de linguaxes informalistas. Estas publicacións, xunto con Debuxos inéditos, corresponden a tres exposicións que se realizarán na Fundación Laxeiro durante o ano.

LAXEIRO ILUSTRADOR. Tamén se publicará un volume onde se reproducirán as ilustracións que realizou ao longo da súa carreira, para diferentes publicacións de ficción, ensaio e prensa periódica.

Congreso: Laxeiro e a Vangarda histórica galega, organizado polo Museo de Pontevedra, en colaboración coa Universidade de Vigo, e dirixido por Carlos Vale, director do Museo de Pontevedra e Dr. En Historia da Arte. O congreso profundará o contexto cultural da Galicia do período 1925 - 1936, conectándoo coas achegas estéticas do grupo dos Renovadores da nosa Vangarda Histórica.

Ademais, outras institucións editarán diversas publicacións sobre Laxeiro como a Fundación Barrié que editará un catálogo en grao sumo destacable da súa obra, realizado por D. Luís Caruncho; o Concello de Lalín que realizará unha reedición do libro “Laxeiro” que se editara na colección “Cadernos de arte galega” en 1951, cun texto de José Ruibal. A editorial Ir indo editará a biografía de Laxeiro, dentro da súa colección Galegos na Historia. Por último, o escritor Xosé Neira Vilas, está preparando tamén un volume con testemuños de numerosas personalidades da cultura e das artes que o coñeceron.

DIVULGACIÓN

No apartado de divulgación seguiremos centrados no público infantil e xuvenil, coas actividades para escolares de Primaria e Secundaria tituladas **Coñece a Laxeiro**, polas que anualmente pasan uns 3.000 escolares.

Estamos traballando tamén na realización dun mediometraje que, dirixido polo artista **Diego Santomé** (Vigo, 1965) consistirá nunha descrición da figura de Laxeiro en clave poética, tratada coas linguaxes da contemporaneidad que caracterizan toda a obra de Diego Santomé, dentro dos parámetros do que se coñece como cine de non ficción.

PROGRAMACIÓN

EXPOSICIÓNS DE PRODUCCIÓN PROPIA NA SEDE DA FUNDACIÓN LAXEIRO

8 de febreiro-4 de maio. Sala B. *LAXEIRO, DEBUXOS INÉDITOS VI. ANATOMÍAS*. Unha nova entrega desta serie que, nesta ocasión céntrase no tratamento dibujístico que Laxeiro deu ao corpo humano. Nas pezas que forman a exposición pódese apreciar un minucioso coñecemento da anatomía que posibilitou a Laxeiro xogar coa sensualidade do corpo feminino e achegar unha gran naturalidade aos personaxes da súa obra. As pezas proveñen de coleccionistas particulares que nunca antes as mostraron en público. A serie de exposicións “Debuxos inéditos” forma parte do proxecto Catálogo Unival.

16 de maio, 7 de setembro. Sala B. *TOTAL VIEW*. Belén Uriel. Este é o proxecto gañador das Bolsas Feima-Fundación Laxeiro á creación artística, na súa edición de 2007. Total View é un proxecto que incide na problemática da especulación inmobiliaria desordenada e a súa incidencia no cambio da paisaxe, tanto rural como urbano. A mostra ten un marcado carácter interdisciplinar que combina linguaxes fotográficas, da instalación e da intervención na paisaxe. Belén Uriel (Cervo, Lugo, 1974) ten xa unha importante traxectoria artística. Licenciada en BBAA. Universidade Complutense de Madrid, actualmente se encunetra estudando no Chelsea Collage of art and design, en Londres. foi accesit en 2006 no Premio de Pintura e Fotografía ABC; En 2005 obtivo a Bolsa Colección CAM de Artes plásticas e en 2004 a Bolsa Rede Mansion Art Foundation Prize. Bolsa residente en Pequín.

12 de setembro-8 de decembro. Sala B. *LAXEIRO ILUSTRADOR*. Unha exposición comisariada por Daniel Buján, director da Biblioteca Xoan XXIII e membro do Centro Superior Biobliográfico de Galicia, quen propón unha exposición que documenta o traballo editorial de Laxeiro, como ilustrador e colaborador en diferentes proxectos editoriais a ambos os dous lados do Atlántico. Un traballo de investigación que recompila as súas colaboracións en diarios como O Pobo Galego e O Faro de Vigo, a principios dos anos Trinta, ata publicacións como A Familia de Pascual Duarte, de Camilo José Cela, unha coidada edición do Quixote ou publicacións como A Esmorga de Eduardo Branco Amor.

12 de decembro-28 de febreiro de 2009. *LAXEIRO DESCOÑECIDO NAS COLECCIÓNS PRIVADAS*. Comisariada por Lourdes Martínez Saapiña, esta exposición mostrará obra sobre tea descoñecida, de todos os períodos de Laxeiro, propondo unha lectura do itinerario máis privado da produción laxeiriana.

EXPOSICIÓN EN COPRODUCCIÓN

4 de xullo-31 de agosto. Planta Baixa. DE VIGO A Bos AIRES. A Arte GALEGA DE POSTGUERRA. Comisariada por Carlos L. Bernárdez, esta exposición constrúe o relato da evolución cultural e artística galega, desde o final da Guerra Civil, ata o ano en que Laxeiro se vai a Bos Aires, 1951. A mostra conta como a cidade de Vigo converteuse na capital da creatividade da cultura e a arte en Galicia durante ese período, desmontando o tópico de Vigo como cidade sen referencias culturais. Ademais de obras de Laxeiro, na mostra poderanse ver pezas de Laxeiro, Carlos Maside, Urbano Lugrís, Mario Granell, M. Colmeiro, Isaac Díaz Pardo, Julia Minguillón, Manuel Pesqueira, Antonio Failde e Manuel Prego. Esta mostra farase en coprodución co Concello de Vigo.

Xullo, Agosto. Museo de Pobo Galego. Santiago. LAXEIRO NA COLECCIÓN ALCALDE - VARELA. En coprodución co Museo do Pobo Galego e o Auditorio de Galicia. Esta será unha mostra que abordará a etapa informalista do artista de Lalín, que arrinca a partir da súa viaxe a Bos Aires en 1951 e remata en 1970. A colección Alcalde-Varela é, probablemente, a colección particular máis grande de obra de Laxeiro

EXPOSICIÓN DE PRODUCCIÓN ALLEA

Marzo-Maio. Fundación Barrié da Maza. Vigo e A Coruña. LAXEIRO, A LÓXICA DO IRRACIONAL. Comisariada por Luís M^a Caruncho, en colaboración con Javier Pérez Buján, esta exposición nace da necesidade de mostrar o máis interesante do seu traballo sobre tea, ao longo de toda a súa traxectoria. Formada por máis de cincuenta pezas de todas as súas épocas, a exposición dará unha visión do rico universo Laxeiriano, tanto estilística, como temáticamente.

Outubro - Novembro. Museo de Pontevedra. O PRIMEIRO LAXEIRO. Un proxecto de Carlos Vale, director de devandito museo que estreará as salas da ampliación do Museo de Pontevedra, para facer unha revisión do Laxeiro seminal, achegando claves sobre a conformación da súa estética na mocidade do artista. Esta exposición complementarase co congreso citado máis arriba, no apartado de Investigación.

8 de febreiro-22 de marzo. Museo Ramón María Aller. Lalín. LAXEIRO E AMIGOS. Coproducida polo Concello de Lalín e Caixanova, esta exposición porá en contexto a produción laxeiriana en relación cos seus compañeiros de xeración ao longo da súa traxectoria.

Outubro-Novembro. Fundación Caixagalicia, Sede Pontevedra. LAXEIRO E Os ARTISTAS DO XESTO NA COLECCIÓN CAIXAGALICIA. Unha proposta que articulará os fondos da Colección Caixagalicia nun percorrido pluridisciplinar polos artista galegos que fixeron do xesto o seu aceno de identidade.